

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS (AGEM) PARA O IMPULSO DA PRESENZA DAS MULLERES EN SECTORES MASCULINIZADOS DA INDUSTRIA MUSICAL DE GALICIA A TRAVÉS DO PROGRAMA DE BOLSAS O NOSO CANTO, NO ANO 2026

Lugar e data da sinatura dixital,

REUNIDAS

Dunha banda Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

E por outra, Patricia Vanesa Hermida Lago, en nome e representación da Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), con CIF G36998045, na súa calidade de presidenta en virtude do establecido nos seus estatutos e na acta da asemblea extraordinaria celebrada o 08/02/2022.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo. Que a Constitución Española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razóns de nacemento, raza, sexo, relixión ou opinión ou calquera condición ou circunstancia persoal ou social.



O artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integren sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de todos e todas na vida política, económica, cultural e social.

Terceiro. De conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano superior en materia de igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Consellería de Política Social e Igualdade ten atribuídas, entre outras, as competencias en materia de promoción da igualdade entre mulleres e homes, así como o impulso de políticas públicas orientadas á eliminación das desigualdades estruturais existentes nos distintos ámbitos sociais, económicos e culturais.

Ademais correspóndelle incorporar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as normas, políticas, actuacións, plans e estratexias da Xunta de Galicia, en cumprimento do principio de transversalidade, así como promover programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos, así como establecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións, e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Cuarto. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da Lei 7/2023, de 30 de novembro, refórzase o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade. Establece o compromiso de promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral favorecendo o emprego feminino por conta propia ou allea e garantindo a igualdade de



oportunidades na política económica, laboral e social co fomento da corresponsabilidade e conciliación do emprego e a vida persoal e familiar.

A dita Lei 7/2023, de 30 de novembro, co fin de facer efectivo o dereito constitucional da igualdade, insta os poderes públicos de Galicia a adoptar medidas específicas en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes.

A promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes require a posta en marcha de políticas públicas activas que vaian máis alá da sensibilización e que incidan directamente sobre os mecanismos que reproducen a segregación horizontal e vertical nos distintos sectores profesionais. Neste sentido, resulta prioritario desenvolver actuacións orientadas á capacitación, profesionalización e acompañamento das mulleres en ámbitos tradicionalmente masculinizados, xerando condicións reais para a súa incorporación e permanencia no mercado laboral.

Quinto. O 19 de maio de 2022, no Consello da Xunta apróbase o VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, concibido como un instrumento flexible para alcanzar a igualdade real e efectiva nos distintos ámbitos da vida das persoas. Aposta polo apoderamento feminino tanto individual como colectivo poñendo en valor as contribucións das mulleres nos distintos ámbitos e incide na necesidade de traballar a prol dunha maior concienciación social, facendo fincapé na necesaria transformación da cultura imperante, sustentada en estereotipos e roles que manteñen e reproducen desigualdades.

A fenda de xénero no eido laboral segue a ser unha realidade, derivando na necesidade de crear políticas públicas tendentes a mellorar a posición das mulleres tanto a efectos remuneratorios como no campo do recoñecemento dos seus logros, visualizando as súas achegas ao avance da nosa sociedade, impulsando o talento feminino para contribuír a un desenvolvemento económico que aproveite a todos.

No VIII Plan Estratéxico de Galicia para igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 recolle na prioridade de actuación 7.5 "Consolidar modelos favorables á igualdade no ámbito da cultura, da comunicación e do deporte", e como liña 7.5.1. "Apoio á promoción profesional das mulleres no ámbito cultural e á visibilización da súa produción artística nos distintos campos (literario, artes escénicas e musicais, audiovisual, contido dixital etc.)"

En concreto, no ámbito da cultura, este Plan Estratéxico recolle que a Administración autonómica seguirá apoiando a produción artística feminina en distintos ámbitos. Aínda que a incorporación das mulleres a determinados ámbitos como o das artes escénicas e



o audiovisual semella ser xa imparabile, aínda son moitas as dificultades ás que deben facer fronte para progresar en medios aínda masculinizados e nos que predomina a segregación vertical. A isto hai que engadir a secular invisibilización das achegas das mulleres no eido das artes e da produción intelectual, polo que a Administración autonómica seguirá traballando pola difusión e unha maior visibilidade das mulleres no eido da creación artística e cultural.

Sexto. Que a Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) é a entidade representativa do tecido empresarial da industria musical galega, actuando como interlocutora do sector e contando cun coñecemento directo das súas necesidades formativas e profesionais.

A Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) é unha asociación profesional inscrita no rexistro de Relacións Laborais da Xunta de Galicia con nº72/1022/2007 e domicilio en San Salvador 3 4ºB, 15509, Fene A Coruña constituída, segundo os seus estatutos, ao amparo da Lei 19/1977, do 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical, que carece de ánimo de lucro e que ten como fins, ademais da representación dos seus asociados e a promoción dos seus intereses profesionais, laborais, sociais e culturais, entre outros: o intercambio de ideas e experiencias en beneficio do exercicio da profesión de promoción, produción e distribución de concertos musicais; a organización de cursos, seminarios e conferencias; a realización de estudos e informes de interese para o sector; o fomento da prevención de riscos laborais e a seguridade dentro do sector musical, para o cal poderá desenvolver estudos, informes sectoriais e calquera outra acción que se considere precisa; o fomento do turismo cultural en Galicia e a colaboración na promoción de Galicia como destino turístico cultural así como o impulso da imaxe turística de Galicia no desenvolvemento das súas actividades.

A Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) está integrada por empresas que conforman a cadea de valor da actividade cultural e musical; empresas que realizan actividades de deseño, xestión e produción de eventos de carácter cultural, musical, educativo, social e de entretemento e, en xeral, todas as actividades técnicas e preparatorias para a execución destes eventos ou servizos, incluída a actividade comercial, de representación de artistas, festivais, distribución e xestión (management). Unha alta representatividade, case de 60 compañías e empresas produtoras asociadas na actualidade, que son a raíz do sector cultural e que resultan fundamentais na industria da cultura, na música e no seu tecido económico.

Sétimo. Que a industria musical constitúe un sector estratéxico da economía cultural galega, cunha elevada capacidade de xeración de emprego, innovación e proxección



exterior. Porén, continúa a presentar importantes fendas de xénero, especialmente nos ámbitos técnicos, de produción, xestión e toma de decisións, nos que a presenza feminina segue a ser minoritaria. Estas desigualdades responden a factores estruturais que limitan o acceso das mulleres a oportunidades de formación especializada, redes profesionais e referentes visibles.

A promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes require a posta en marcha de políticas públicas activas que vaian máis alá da sensibilización e que incidan directamente sobre os mecanismos que reproducen a segregación horizontal e vertical nos distintos sectores profesionais. Neste sentido, resulta prioritario desenvolver actuacións orientadas á capacitación, profesionalización e acompañamento das mulleres en ámbitos tradicionalmente masculinizados, xerando condicións reais para a súa incorporación e permanencia no mercado laboral.

No ámbito cultural, e particularmente na industria musical, estas actuacións deben realizarse en estreita colaboración co propio sector, de maneira que as políticas públicas se articulen a partir do coñecemento das súas dinámicas, necesidades e retos. A cooperación con entidades representativas do tecido empresarial permite deseñar programas máis axustados á realidade profesional e incrementar o seu impacto e eficacia.

Oitavo. No marco da conmemoración do Día Internacional das Mulleres, o 8 de marzo, do 2025 desenvolveuse a obra musical *O Noso Canto*, que empregou a música como ferramenta para transmitir a importancia da unión de todas as mulleres para seguir avanzando cara unha Galicia cada vez máis igualitaria. Realizouse integramente por mulleres e abrangueu todas as fases do proceso creativo e produtivo, incluíndo interpretación, composición, produción musical e masterización.

Esta obra puxo de manifesto a capacidade, o talento e o potencial transformador das mulleres na industria musical galega, ao constituír un proxecto creado integramente por mulleres en todas as fases do proceso artístico e técnico. A boa acollida e os resultados desta iniciativa evidenciaron a necesidade de dar continuidade a este impulso mediante accións estruturais e sostibles no tempo.

Así, a Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) pon en marcha no ano 2026 o programa de Bolsas *O Noso Canto*, destinado a fomentar a presenza e profesionalización das mulleres en sectores masculinizados da industria musical.

A creación do programa de Bolsas *O Noso Canto* responde a esta vontade de avanzar desde accións simbólicas cara a instrumentos estables de apoio á profesionalización



feminina, orientados a facilitar formación altamente especializada, acompañamento individualizado e conexión directa co tecido empresarial da industria musical.

Neste contexto, o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) configúrase como un instrumento idóneo para fomentar as capacidades, recursos e coñecemento, co obxectivo común de promover unha industria musical máis diversa, igualitaria e competitiva.

Noveno. Que ambas as partes consideran que a formalización dun convenio de colaboración para a posta en marcha do programa de Bolsas *O Noso Canto* permitirá, así mesmo, garantir a correcta articulación institucional do programa, dotándoo de estabilidade, transparencia e mecanismos de seguimento e avaliación, ao tempo que reforza o compromiso da Xunta de Galicia coa incorporación transversal da perspectiva de xénero nas políticas culturais.

Décimo. A Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario fomentar coa concesión dunha subvención pública a realización por parte Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) de dito Programa de Bolsas *O Noso Canto*, que ten como finalidade contribuír á igualdade de oportunidades, visibilizar o talento feminino e favorecer o acceso das mulleres a espazos técnicos, creativos e de liderado no sector musical que seguen a estar moi masculinizados.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder mostrar a cidadanía galega novos patróns socioculturais que eliminen os prexuízos de xénero no mundo empresarial a través dunha rede de apoio que visualice e impulse o valor das mulleres como motor de futuro e axentes clave no desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

Dada a especificidade do proxecto da Asociación, esta conta con persoas con experiencia acreditada nestes proxectos, cos medios necesarios e as condicións de solvencia técnica para a realización das actividades propostas.

A Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) é a única existente en Galicia que reúne as condicións necesarias para levar a cabo este tipo de programas, circunstancia



que xustifica a excepción do principio de concorrência pública de conformidade co artigo 26.2.a da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O alto grao de representatividade da asociación, ao abarcar unha alta porcentaxe do sector musical galego, con case sesenta empresas asociadas que conforman conxunto de estruturas de produción e creación de moi diversas tipoloxías a nivel profesional; o seu carácter como única entidade aglutinadora do sector musical galego no seu conxunto ao integrar a empresas que realizan actividades de deseño, xestión e produción de eventos de carácter cultural, musical, educativo, social e de entretemento, actividades técnicas, de representación de artistas; a exclusividade na creación dos primeiros premios da industria musical galega; así como a inclusión destas actividades de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifican a concesión desta subvención mediante a formalización deste convenio de colaboración.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, nas políticas culturais e que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto e finalidade

O obxecto deste Convenio é establecer as bases reguladoras para a concesión directa dunha subvención pola Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) para o deseño, desenvolvemento, execución e avaliación dun Programa de Bolsas *O Noso Canto*, no ano 2026, destinadas a impulsar e promover a incorporación, capacitación e profesionalización das mulleres en sectores masculinizados da industria musical galega, apoiando a carreira de artistas ou profesionais galegas para que poidan formarse en sectores da industria musical nos que aínda existe unha importante fenda de xénero especialmente nos sectores técnicos, creativos e de produción e xestión.

O programa combina formación especializada impartida por profesionais do sector, acompañamento, mentoría e orientación profesional, así como conexión directa co tecido empresarial da industria musical galega.

A finalidade deste programa é conceder ata un máximo de tres (3) Bolsas para potenciar a formación e inserción laboral das mulleres a través de itinerarios formativos nos seguintes ámbitos:



- a) **Ámbito técnico:** sonorización, gravación, produción técnica, masterización, iluminación e outros postos técnicos da industria musical.
- b) **Ámbito creativo:** orientado á composición, interpretación, creación musical, dirección artística e desenvolvemento de proxectos creativos.
- c) **Ámbito de produción e xestión:** enfocado a produción musical, programación e distribución profesional.

A distribución das bolsas nos diferentes ámbitos, así como os requisitos, criterios de selección, duración, contido e obrigas das persoas beneficiarias do programa, estableceranse na correspondente convocatoria da Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM).

SEGUNDA. Accións subvencionables

No marco do Programa de Bolsas *O Noso Canto* serán subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Convocatoria, selección de candidatas e desenvolvemento do Programa de Bolsas *O Noso Canto*.

Unha vez seleccionadas as persoas beneficiarias do programa, realizarase unha entrevista individual en profundidade con cada unha delas, co obxecto de analizar o seu perfil, traxectoria, necesidades formativas e obxectivos profesionais, que servirá de base para o deseño da formación personalizada asociada á bolsa.

- b) Desenvolvemento de accións formativas, de acompañamento e de orientación profesional das persoas seleccionadas que abranguen:

- b.1) Deseño do programa formativo.

Definirase un itinerario personalizado que poderá incluír formación técnica especializada, sesións prácticas aplicadas, obradoiros intensivos, formación en competencias transversais (liderado, negociación, comunicación profesional, emprendemento cultural) e orientación para a inserción laboral ou consolidación de proxectos profesionais.

O contido formativo estará aliñado coas demandas reais do sector musical galego, garantindo a súa aplicabilidade práctica e a conexión directa co mercado laboral.

- b.2) Selección do profesorado. A formación asociada ás mesmas será impartida por profesionais especializados de recoñecido prestixio e traxectoria na industria musical, que actuarán como referentes no seu ámbito.



b.3) Supervisión e coordinación da súa execución. A Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) asumirá a coordinación técnica do programa establecendo mecanismos de control de calidade e avaliación de resultados, incluíndo informes de seguimento e unha memoria final que recolla indicadores de impacto, garantindo:

- A correcta planificación das accións formativas.
- O seguimento individualizado das beneficiarias.
- A avaliación continua do progreso.
- A adaptación do itinerario en función da evolución profesional de cada participante.

A formación terá carácter ad hoc e personalizado, adaptándose ás necesidades profesionais de cada persoa beneficiaria do programa, co obxectivo de garantir un proceso de capacitación especializada e orientado á súa inserción ou consolidación profesional.

c) Facilitar a realización de prácticas, mentorías e acceso a experiencias profesionais no sector musical das persoas beneficiarias do programa que contarán cunha persoa mentora de referencia, profesional en activo, que realizará un acompañamento individualizado orientado á transferencia de coñecementos, á ampliación da rede profesional e á mellora da empregabilidade.

Ademais promoverase a súa participación en eventos profesionais (concertos, festivais, feiras, encontros sectoriais, producións en directo, procesos de gravación...) favorecendo a súa integración en contornas reais de traballo.

Con estas accións permitirase reducir barreiras de acceso a espazos tradicionalmente masculinizados, fomentar a creación de redes profesionais e incrementar a visibilidade e posicionamento das beneficiarias no sector.

d) Accións de difusión e visibilización do programa e dos seus resultados entre as entidades asociadas e o conxunto do sector musical galego a través de actuacións que incluirán a publicación da convocatoria na súa páxina web oficial, a difusión nas súas redes sociais corporativas e a comunicación directa ás empresas asociadas e ao conxunto do sector musical galego e o emprego dos elementos identificativos institucionais, de acordo co establecido na cláusula décima apartado b) deste convenio.

Así mesmo desenvolverá unha estratexia específica de comunicación e difusión do Programa de Bolsas *O Noso Canto*, co obxectivo de dar visibilidade ao compromiso institucional coa igualdade no sector musical, difundir as oportunidades do programa, poñer en valor o talento e os logros das beneficiarias e sensibilizar ó sector sobre a necesidade de avanzar cara a unha industria máis igualitaria,



TERCEIRA. Financiamento

Para sufragar os gastos derivados das actuacións a subvencionar a través do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, achegará a cantidade total de **dezaseis mil euros euros (16.000€)** con cargo á aplicación orzamentaria **08.07.313B.481.1** (código de proxecto **2025 00165**) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Ao abeiro deste convenio poderán concederse ata un máximo de tres (3) Bolsas relacionadas con algún dos ámbitos recollidos na cláusula primeira do convenio.

Os fondos transferidos a través do presente convenio destinaranse ao cumprimento do obxecto establecido na cláusula primeira

CUARTA. Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e sexan **realizados e pagados entre 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2026**.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Poderán ser subvencionados os seguintes gastos:

- Persoal: custos laborais e de seguridade social das persoas traballadoras asignadas ao programa durante o tempo de dedicación ao mesmo.
- Execución material: custos necesarios e imprescindibles para desenvolver as accións subvencionables.
- Material funxible e subministros.
- Gastos de administración e xestión, que serán aqueles que son estritamente necesarios para a realización das actividades concretas e que non se vinculan directamente aos seus resultados (seguros de responsabilidade civil, accidentes, xestoría).

QUINTA. Subcontratación

Para a execución das actuacións a subvencionar a través deste convenio a Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) poderá subcontratar, ata o 100% das actuacións subvencionadas, no marco que permite a lei 9/2007 de 13 de xuño. En ningún caso se poderán subcontratar actuacións ou partidas que, aumentando o custo das actuacións subvencionadas, non acheguen valor engadido ao seu contido.



As entidades contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria da subvención, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.

En todo caso deberanse respectar os límites impostos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

SEXTA. Xustificación da subvención

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o **1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2026**, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Promoción da Igualdade con data límite o **10 de decembro de 2026**.

A xustificación dos gastos e do seu pagamento realizarase por medios electrónicos a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento da realización das actuacións a subvencionar a través do presente convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e que debe incluír os seguintes apartados:

1. Actividades realizadas recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
2. Xustificación do gasto asociado a cada actividade.
3. Valoración global.

b) Unha memoria económica xustificativa do total do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos realizados con identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.
2. Indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación anterior.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas, e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realice a actividade.



c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados dentro do período subvencionable. Nestes documentos deben quedar claramente identificadas a persoa receptora e a emisora do pagamento, e será conveniente que no concepto se faga constar o número da factura.

No caso de pagamento mediante cheque terá que ser, en todo caso, nominativo e vir acompañado da xustificación bancaria acreditativa do cargo na conta que figure nel.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.

d) En canto ós custos salariais: deberá presentar, referida a mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación para a realización das actuacións comprendidas dentro do programa subvencionado que deberá indicar os seguintes datos para cada unha delas: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF da persoa traballadora, base do IRPF, retribución líquida e bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado ao convenio.
2. Nóminas e xustificantes de pago.
3. Os documentos "Relación Nominal de Traballadores" (RNT) e "Relación de Liquidación de Cotizacións" (RLC) correspondentes aos meses imputados.
4. Impresos de liquidación do IRPF, modelos 111 (retencións a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes a xustificación entregada.

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario que acredite o seu pagamento.

Non obstante o anterior, cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se



reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación. A entidade queda obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso en período voluntario.

e) De ser preciso, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe do gasto subvencionable **supere os 15.000€** (sen IVE), a entidade beneficiaria achegará, como mínimo, tres orzamentos de distintos provedores solicitados con carácter previo a contratación do subministro, prestación do servizo ou a entrega do ben; salvo que, polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que subministren os bens ou presten o servizo, ou que o gasto se realizase antes da sinatura do convenio, sempre que se atope dentro do período que este abrangue.

A elección da oferta elixida, de entre as achegadas, realizarase consonte criterios de economía e eficiencia. Cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa deberá xustificarse expresa e detalladamente nunha memoria independente, indicando os criterios utilizados para a toma de decisión.

f) Publicidade: Acreditación documental, material ou gráfica (fotografías, fotocopias, capturas de pantalla da web...) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da actividade subvencionada, de acordo co establecido neste convenio.

g) Unha declaración responsable de non ter recibido outras axudas para as actividades obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio ou, de percibílas, relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, tanto as aprobadas ou concedidas como as que estean pendentes de resolución, con indicación do importe e a súa procedencia.

h) En canto a xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).



- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

Á vista desta documentación a Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula terceira e sempre que se cumpra coa finalidade do presente convenio, procederá a minoración do importe do convenio e o correspondente procedemento de reintegro da subvención, en proporción ao importe non xustificado. No caso que non se xustificase cando menos o 20% do importe das actuacións a subvencionar obxecto do convenio, produciríase a revogación da subvención concedida e dará lugar ao reintegro.

A Consellería de Política Social e Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

SÉTIMA. Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A asociación responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial



dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

OITAVA. Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

NOVENA. Pagamento

De acordo co previsto no artigo 60 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o pago da subvención realizarase unha vez comprobado polo órgano concedente a xustificación final presentada pola entidade, así como, realización das actuacións a desenvolver e o cumprimento dos obxectivos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio.

Non obstante, de acordo co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderá realizarse o pagamento anticipado de ata o 80% da subvención concedida, tras a sinatura do presente convenio polas partes e unha vez finalizada a tramitación contable, económica e administrativa do mesmo.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) en relación cos artigos 63.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.



O 20 % restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da xustificación por parte da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas neste convenio.

DÉCIMA. Obrigacións da entidade beneficiaria da subvención

A Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) como entidade beneficiaria da concesión da subvención adquire os seguintes compromisos e obrigas, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

- a) Desenvolver as actuacións subvencionables recollidas na cláusula segunda deste convenio, e que constitúen o obxecto da concesión da subvención, xustificar a realización das actuacións e o cumprimento da súa finalidade.
- b) Divulgar as actuacións e incluír na publicidade, en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto e nos lugares onde estas se realicen "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que pidan realizar os órganos de control competentes. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- d) Cumprir cos requisitos do artigo 10 e as obrigas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para poder obter a condición de beneficiaria así como co resto das obrigas recollidas na Lei 38/2003, de 17 novembro xeral de subvencións.
- e) A Comunicalle á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- f) Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha



das prohibicións para obter a condición de entidade beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

g) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

h) Cumprir coas obrigas de subministro de información previstas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno.

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

j) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto das actuacións a subvencionar a través do presente convenio.

k) Presentarlle á Consellería de Política Social e Igualdade, ao remate da vixencia do convenio, unha memoria xustificativa na que se recollerán os medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento, que indicará, as actividades realizadas e, de ser o caso, as persoas participantes en cada actuación desagregadas por sexo, ademais daqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

DÉCIMO PRIMEIRA. Compatibilidade con outras axudas

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

DÉCIMO SEGUNDA. Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que, no seu caso, precise para o seu desenvolvemento

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións do programa a subvencionar que constitúen o seu obxecto, de



tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO TERCEIRA. Modificación, revogación e reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestímulo pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución.



Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

DÉCIMO CUARTA. Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.
 - O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
 - O mutuo acordo das partes asinantes formalizado por escrito.
 - Desaparición das causas que motivaron a celebración.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

DECIMO QUINTA. Comisión de seguimento

De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da entidade beneficiaria designadas polas persoas que representen a cada unha das partes así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas que represente a Administración que será a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade. A súa suplencia axustarase o réxime establecido no Decreto de estrutura orgánica da Consellería.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.



Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Información básica sobre protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se deriva da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.



5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace https://www.xunta.gal/protección_datos.

DÉCIMO SÉTIMA. Publicidade e rexistro do convenio

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO OITAVA. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO NOVENA. Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións subvencionables ao abeiro deste convenio.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan este documento.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA
SOCIAL E IGUALDADE

Fabiola García Martínez

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN GALEGA
DE EMPRESAS MUSICAIS - AGEM

Patricia Vanesa Hermida Lago

